



ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 5.-Retribución.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas tarifas dos apartados seguintes:

- Tarifa primeira:

Por cada entrada ó ano: euros.

- Almacéns polo xunto e fábrica: 148,28.

- Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías: 240,10.

- Establecementos de exposición e venda de vehículos automóbiles: 61,42.

- Garaxes industriais ano: euros.

- Por cada vehículo que, de conformidade coa licenza obtida se poida aparcar:

8,84 euros, cun mínimo de: 45,90.

- Garaxes particulares, ano:

- Por máis de 4 vehículos a motor: 56,48

- Por 4 ou 3 vehículos a motor: 21,19

- Por dous ou menos: 10,59

- Talleres:

Mecánicos e de servizo de reparación, pintura, lavados ou similares: 73,44.

Para aplicación da tarifa precedente, teranse en conta as seguintes normas:

1.-As entradas para garaxes particulares limitaranse nos casos de rúas con edificación en línea mixto e bloque de casas pechada a aquelas edificacións que se sitúen dentro de ordenación en canto a volume, segundo as determinacións do planeamento vixente.



Non obstante, poderanse autorizar entradas coas limitacións de reserva de horario que prevé a tarifa segunda desta ordenanza, sendo a contía do prezo público mínimo neste caso de 10,59 euros

2.- Terá a consideración de modificación de rasante da beirarrúa todo o que supoña alteración da liña de rasante, ben sexa na totalidade do plano superior ou da aresta exterior da beirarrúa, comprende para tal efecto, depresións, desniveis, rebaixes de altura, substitucións de liñas horizontais por oblicuas e, en definitiva, toda modificación de aspecto exterior de beirarrúa.

3.-O prezo público aplicarase tanto á modificación de rasante das beirarrúas construídas por particulares, toda vez que o pagamento deste aproveitamento vén motivado pola molestía que ó transeúnte ocasiona dita modificación da rasante e polo beneficio que obtén o usuario. Polo tanto tamén procederá á aplicación do prezo público, aínda que a rúa non dispoña de beirarrúa, se a rasante se atopa modificada na parte correspondente a unha porta de acceso o garaxe.

4.-Os obrigados ó pagamento declarararán os elementos tributarios que empreguen, especificando as características dos mesmos, e comunicando calquera variación que deba repercutir na conta da tarifa, así como en caso de construción de depresión autorizada, dar conta á Administración da data na que remata a construción.

5.-A desaparición de depresións será por conta do propietario, quen deberá solicitar previamente a oportuna autorización.

- Tarifa segunda:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo destinada a estacionamento ó ano:

A) Reservas permanentes para cargar e descargar: 28,24 euros

B) Reservas de duración limitada:

Das 08 ás 10 horas: 15,52 euros.

Das 10 ás 14 horas: 28,24 euros.

Das 14 ás 16 horas: 15,52 euros.

Das 16 ás 20 horas: 28,24 euros.

Das 20 ás 08 horas: 15,52 euros.

C) Vaos permanentes por metro lineal ou fracción: 10,54 euros.



- Tarifa terceira:

A) Reserva parada de taxi; por cada un: 17,65 euros

B) Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano, por cada un: 56,48 euros

- Tarifa cuarta:

Reserva de espacio con carácter temporal: por metro cadrado ou fracción de calzada:

A) Servicio de mudanzas, día: 7,07 euros

B) Vehículos de exposición, día: 7,07 euros

C) Outros usos, día: 7,07 euros

- Tarifa quinta:

Por unidade:

Por cada peche de rúa, día: 105,92 euros

Por cada peche de senda e outros camiños públicos do término municipal:
52,96 euros

As reservas estarán sinalizadas coas placas de "vao permanente", que subministrará o Concello ó prezo de custo das mesmas.

As cuotas terán un carácter reducible, prorroteándose por trimestres naturais.